


Lourdes Pérez-Santamarina Feijoo  
José Luis Castro Carpintero



# Arquivos municipais na Comarca do Deza

SEPARATA DE


PONTEVEDRA

REVISTA DE ESTUDIOS PROVINCIAIS

N.º 11/1995

I.S.S.N.: 0211-5530





## Arquivos municipais na Comarca do Deza

Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo  
José Luis Castro Carpintero

**S**abedores da importancia da difusión e do coñecemento do patrimonio documental conservado nas entidades locais da nosa provincia, pretendemos de seguido referenciar datos básicos que acerquen as persoas interesadas no sentido da situación actual na que se atopan os arquivos municipais do Deza, completando entregas anteriores sobre outras comarcas.

O acercamento á realidade deste patrimonio tenta facilita-lo seu uso por investigadores e cidadáns, o mesmo que os procesos de organización levados a cabo nos diferentes arquivos, ademais de perseguir este obxectivo, facilitaban o seu manexo polas propias entidades locais.

Téntase tamén a difusión dun enorme labor desenvolto a nivel provincial na última década pola Deputación Provincial, a través do Equipo Técnico de Arquivos Municipais, coa inestimable colaboración do Instituto Nacional de Emplego e a incorporación nos últimos anos da Consellería de Cultura. Este esforzo ten conseguido a paralización do proceso de destrucción documental, a organización dos fondos na práctica totalidade dos concellos e a existencia de instrumentos de descripción, a varios niveis, que aportan información sobre a realidade concreta de cada arquivo, ademais de facilita-lo uso do mesmo, co que supón de beneficio para a propia administración e os cidadáns.

E ó mesmo tempo a difusión do traballo e esforzo de máis dun centenar de persoas que ó

longo destes anos veñen desenvolvendo as tarefas propias do proceso completo de organización do arquivo e que van dende a procura dun local axeitado, á busca e agrupamento documental, a súa clasificación e ordenación, a descripción do fondo e a colocación material da documentación nos estantes.

Todo este traballo, loxicamente, preséntase como algo vivo, relacionado directamente coa actividade continua da propia institución, implicando iso procesos de reincorporación documental, recomposicións ou melloras, traslados a novas instalacións.

Importante, parécenos, o esforzo de debate, coordinación e unificación levado a cabo no conxunto do Estado e na propia Comunidade Autónoma tentando resolver unha das principais problemáticas do tratamiento dos arquivos municipais, elaborando un cadro unificado de clasificación de fondos de carácter xenérico para o conxunto dos concellos anque aberto a posibles diferenciacións específicas se fose oportuno. Na práctica iso ten suposto no último ano —segundo a similar filosofía de contar con tódolos arquivos organizados de acordo co mesmo criterio técnico e con parecidos resultados e eficacia, e dende logo sen invalida-la practicidade do sistema anterior—, o uso dun novo cadro de clasificación que introduce certas variantes e provocará a progresiva readaptación daqueles arquivos xa organizados.

## A comarca do Deza.

O Deza é unha comarca natural, situada na parte más nororiental da provincia de Pontevedra, ocupando ademais a zona central do territorio galego, composta polos concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Aparece delimitado este territorio polo cauce fluvial do Ulla e as serras do Candán e o Faro, e configúrano os cauces dos ríos Deza e Arnego.


Dende a creación definitiva dos distritos Xudiciais aparece inalterablemente integrado o con-

## Lugo.

*Deza*: 52 freguesías, con señorío e xurisdición do conde de Lemos principalmente, e do cabido de Santiago, mosteiros de Oseira e Acibeiro, entre outros.

*Camba*: 20 freguesías, con señorío e xurisdición do arcebispo de Santiago, mosteiro de Oseira e D. Melchor Camba.

*Dozón*: 7 freguesías, de señorío real.




xunto do territorio dentro do distrito de Lalín, que ademais desta capitalidade xudicial funciona como centro económico do resto das capitalidades de concellos, situadas todas elas a distancias similares con respecto a ela.

A situación administrativa, de interese para este traballo, presentaba no século dezaoito una dispersión do territorio nun bo número de xurisdiccions e cotos, tanto da provincia de Santiago coma da de Lugo:

*Carboeiro*: 4 freguesías, con señorío e xurisdición do conde de Lemos e mosteiro de San Martiño de Santiago.

*Basadre*: 3 freguesías, con señorío e xurisdición de D. Juan Bernardino Basadre e outros.

*Toques*: 1 (Agra), con señorío e xurisdición do mosteiro de San Martiño de Santiago.



## Santiago.

*Abeancos*: 8 freguesías, con señorío e xurisdición do conde de Monterrei.

*Borraxeiros*: 6 freguesías, con señorío e xurisdición do conde de Borraxeiros.

*Brandomés*: 1 (Brandaríz) con señorío e xurisdición do convento de Conxo.

*Camanzo*: 5 freguesías, con señorío e xurisdición do Mosteiro de S. Paio de Santiago.

*Carboeiro*: 4 freguesías, con señorío e xurisdición do mosteiro S. Martiño de Santiago.

*Carmoega*: 1 (Carmoega). Varios.

*Caxide*: 3 freguesías, con señorío e xurisdición de D. José Pardo.

*Cira*: 23 freguesías, con señorío e xurisdición do conde de Altamira, Cabido de Santiago e marqués de Santa Cruz.

*Trasdeza*: 23 freguesías, con señorío e xurisdición do arcebispo de Santiago.

*Ventosa*: 8 con señorío e xurisdición do arcebispo de Santiago.

*Boente*: 1 Seixo.

A partir da aprobación da Constitución de Cádiz do ano 1812 e da nova configuración do territorio en provincias e concellos créanse de forma provisional e inestable, cun funcionamento irregular basicamente nos períodos liberais, substituíndo as xurisdiccionés anteriores os concellos de:

*Saa, O, Ventosa-Borraxeiros, Basadre, Lalín, Bendoiro, Vilatuxe, Catásos, Vilanova, Lodeiro, Barcia, Bermes, Noceda, Cangas, Losón, Ferrirá, Mández, Laro, Escuadro, Lamela, Taboada, Silleda, Grava, Breija, Cruces, Piloño, Camanzo, Merza.*

A creación definitiva da provincia de Pontevedra e o posterior establecemento dos concellos, culminado no ano 1836, divide o territorio desta comarca en seis concellos, de diferente superficie, que permanecen praticamente inalterables ata a actualidade:

*Dozón*: Cun total de 71 km<sup>2</sup> e 369 veciños, integrado por nove parroquias, das anteriores xurisdiccionés de Dozón e Deza, no caso de Sanguiñedo e Sisto, e que correspondían ós concellos de Saa e O.

*Agolada*: De 141 km<sup>2</sup> e 642 veciños, composto por 24 parroquias, das anteriores xurisdiccionés de Abeancos, Boente, Borraxeiros, Camanzo,

Carmoega, Sesto, Ventosa, Toques e Basadre, e dos concellos provisionais de Ventosa-Borraxeiro-Basadre.

*Lalín:* Cunha superficie de 314 km<sup>2</sup> e unha poboación de 1.842 veciños distribuídos en 51 freguesías da antiga xurisdicción do Deza, agás a de Castro que pertencia á xurisdicción de Camba; e dos concellos provisionais de Lalín, Bendoiro, Vilatuxe, Catasós, Vilanova, Lodeiro, Barcia, Bermes, Noceda, Cangas, Losón.

*Rodeiro:* A superficie deste concello é de 166 km<sup>2</sup>, con 20 parroquias das xurisdiccións de Ventosa, Toques, Carmoega, Camanzo, Basadre.

*Chapa:* Conta cunha superficie de 168 km<sup>2</sup> e 34 parroquias das xurisdiccións de Trasdeza, Carboeiro, Cira e Deza. Neste territorio existiron os concellos provisionais de Laro, Escuadro, Lameira, Taboada, Silleda, Grava e Breixa.

*Carbia:* Cunha superficie de 147 km<sup>2</sup> con 27 freguesías das xurisdiccións de Carboeiro e Deza na provincia de Lugo e Abeancos, Carboeiro, Caxide, Cira, Piloño, Brandomés, Camanzo e San Justo na provincia de Santiago; constituíranse neste territorio con anterioridade concellos provisionais nos lugares de Cruces, Piloño, Camanzo e Merza.

As alteracións producidas nestes concellos ata a situación actual no van máis alá das alteracións parroquiais que teñen modificado o seu número e disposición nalgún caso; os moitos cambios de capitalidade sufridos na maior parte dos casos, e os de denominación no caso de Chapa polo de Silleda no ano 1853 e o de Carbia por Vila de Cruces no ano 1944.

## Os fondos documentais.

A organización da documentación conservada nos arquivos dos concellos do Deza iniciase no arquivo municipal de Silleda no ano 1988 e culmínase no pasado ano 1993 nos de Rodeiro e Vila de Cruces. Os traballos de clasificación e ordenación documental, así como a descripción dos fondos foi levada a cabo, baixo a dirección e coordinación do Equipo Técnico de Arquivos

Municipais, polas persoas que de seguido se detallan:

*Agolada:* María José Louro Tubio e Julia Fernández Garza.

*Dozón:* Gemma López Salazar.

*Lalín:* María Teresa Cimadevila Estévez, María Josefa Piñón López e María Teresa Túñez Landín.

*Rodeiro:* Inés Pájaro Porral e María José Rodríguez González.

*Silleda:* María Josefa Piñón López.

*Vila de Cruces:* Isabel Revenga Portela e Dolores Poch Mariño.

A documentación dos diferentes arquivos presenta características habituais con respecto ó conxunto da provincia, correspondendo na súa totalidade ós séculos XIX e XX, con constatadas perdas documentais o que conleva na maior parte dos casos que non alcancen a media provincial tanto en metros lineais de documentación, de 134 metros, nin de número de unidades, que é de 1.523.

Concello	Data extrema	Total metros lineais	Total(*) unid. ins.
Agolada	1840	48	825
Dozón	1848	31	501
Lalín	1841	148	1.764
Rodeiro	1882	55	432
Silleda	1922	82	1.296
Vila	1872	105	747

\* O número de unidades de instalación varía nos casos de Rodeiro e Vila de Cruces, xa que o novo proceso de organización non produce, como nos outros casos, a diferenciación de libros e legaxos, senón que aqueles incorpóranse como unidades documentais nos legaxos, dentro da serie que lles corresponde. A efectos de comparación, o dato dos metros lineais é máis axeitado.

Analizamos de seguido os datos básicos de cada concello, tanto referidos ás instalacións do arquivo coma á súa documentación, podendo completarse esta información cos instrumentos descriptivos —inventario e catálogo— cos que conta cada concello e que, así mesmo, están a disposición no Arquivo da Deputación Provincial.



## Arquivo Municipal de Agolada.

No ano 1989, coincidindo coa construcción dunha nova casa do concello, acométense os traballo de organización e posterior descripción dos fondos documentais que se conservaban nese momento, procedéndose ó pertinente traslado e disposición nas novas instalacións que se adicaron para cumpri-las funcións de arquivo municipal.


### O LOCAL

A nova casa do concello é unha edificación independente, de baixo e dúas plantas, situada

na praza da vila; de nova construción, que presenta unha perfecta integración no seu entorno, tanto polos materiais empregados, como pola apertura do edificio ó exterior, conseguida coa abundancia de ventás e o uso de balconadas corridas na súa fachada.

Concíbese como centro para a instalación de tódolos servicios municipais, contando para iso co espacio necesario, tanto no baixo como nas dúas plantas do edificio.

Na planta superior dispúxose no se díá a instalación do arquivo municipal, reservando para



iso unha sala rectangular de 24 metros cadrados, con vistas á fachada principal e con acceso directo á balcónada superior a través de dúas portas, contando ademais cunha ventá á rúa lateral, o que ven garantiza-las condicións de ventilación e iluminación necesarias, regulables e controlables. A súa localización próxima ás oficinas favorece a funcionalidade necesaria e, por outra parte, a recente construción da propia casa do concello garante as axeitadas condicións de habitabilidade e adecentamento.

A superficie útil do local é suficiente para a disposición dos fondos documentais existentes

no momento da súa organización e das previsibles incorporacións futuras. Para iso foi dotado o arquivo das instalacións requiridas para permiti-lo manexo e consulta dos documentos, mediante mesa de traballo e ficheiros, e para a súa conservación coa instalación de andel metálico tradicional, cun total de 105 metros lineais dispostos bordeando a sala, pegadas ás paredes naqueles espacios que o permitían, e na parte central, sempre na procura do maior aproveitamento posible. Ó remate do proceso de instalación da documentación no local quedaron ocupados 48 metros lineais, o que supón unha porcentaxe do 45% do total posible

## A DOCUMENTACIÓN.


O proceso de organización da documentación producida polo concello de Agolada na súa xestión administrativa e que áinda se conservaba, coincidiu co traslado desta á nova casa do concello, cun período intermedio de depósito e traballo técnico nunha sede provisional das dependencias municipais. A pesar dos traslados documentais e dos lóxicos inconvenientes derivados, o fondo presentaba un aceptable estado de conservación e unha mínima organización inicial.

Ó finaliza-lo proceso de descripción foron inventariadas un total de 825 unidades de instalación, das que 305 eran legaxos, ocupando 38 metros lineais, e 520 libros, instalados nun andel específico e ocupando 10 metros lineais.

Na descripción dos fondos e a elaboración do resultante inventario de libros e legaxos, e do catálogo en fichas apréciase claramente a existencia de irreparables perdas documentais, notables nalgúns series, co que iso conleva de desaparición de testemuños directos de actuacións, servicios, informacións inherentes ó propio concello de Agolada e ós seus veciños.

É praticamente total a perda de documentación do século XIX, habida conta do funcionamento como concello constitucional dende o ano 1836. Únicamente os libros de actas, por rigoroso imperativo legal e algúns documento solto relativo ás quintas e recrutamento recordan o funcionamento do concello no século pasado.

Nunha breve referencia á documentación conservada semella oportuno cita-la derivada das actuacións dos órganos de goberno, polo que aporta de información e porque ven se-la documentación máis antiga do conxunto documental conservado. As actas do Pleno da Corporación cobren o período dende 1840 ata a actualidade, áinda que se detectan carencias referidas ós anos 1836-1840, 1856-1859 e 1889-1904. Por outra parte a Xunta Municipal, composta por conceleiros e vocais asociados e de funcións principalmente económicas, soamente conta con libros de actas do período 1902 a 1924, ano no que desaparecería. A Comisión Municipal Permanente carece, así mesmo, de testemuños documentais



que reflectisen os seus debates, acordos e actuacións dos anos 1924 a 1949, así como de 1963 a 1966.

Como é habitual, a maior parte do fondo corresponde a cuestións económicas, derivadas tanto da xestión presupostaria coma da función recaudatoria de impostos, taxas e arbitrios, áinda que os documentos máis antigos non van máis alá do ano 1919, no que se refire ós presupostos, e o ano 1916 na documentación da contribución territorial rústica.

Outra documentación a reseñar no conxunto do fondo documental do concello de Agolada sería a relacionada coa colaboración do concello con outras administracións, tanto en procesos electorais, conservados, sen continuidade, dende 1931; cos recrutamentos e quintas municipais dende 1895, ou a correspondencia xeral do concello dende 1927.

Especialmente escasos parecen os documentos derivados de servicios municipais tales como o control urbanístico, a sanidade, o ensino ou a beneficencia. En calquera caso, tanto o inventario coma o catálogo en fichas, describindo prácticamente ata o nivel de expediente os fondos do arquivo, aportarán a calquera persoa interesada unha información máis puntual e detallada.



## Arquivo Municipal de Dozón.

Foi tamén no ano 1989 cando se levou a cabo a clasificación e ordenación das series documentais conservadas no concello de Dozón, dentro da planificación xeral dos traballos que a nivel provincial desenvolveu o Equipo Técnico de Arquivos Municipais, dependente da Excma. Deputación Provincial.

### O LOCAL

O concello de Dozón presenta ó longo da súa existencia unha enorme variedade de ubicacións da súa casa do concello, rexistrándose alo menos nos lugares de Dozón, Castro, Sáa, Nogueiras, Piñeiro, Igrexa... ata que finalmente no ano 1974 trasládase ó lugar de Castro na parroquia de O.


A actual casa do concello sitúase a carón da estrada Santiago-Ourense, aparecendo como un edificio moderno, construído arredor do ano 1974 e renovado con posterioridade a fin de ennobrecer e modifica-lo seu aspecto exterior. É unha construción sinxela, de baixo e planta, de

765 metros cadrados, no que predomina a horizontalidade, soamente matizada polo resalte da galería central da fachada, e a abundancia de vans ó exterior na procura da iluminación natural.

O local destinado a arquivo atópase na planta baixa, nunha pequena habitación rectangular á dereita da escalinata de acceso á primeira planta, na que se dispoñen as oficinas municipais.

Ten unha superficie total de 9 m<sup>2</sup>, co máximo aproveitamento posible de espacio para instalación de documentación, conseguido mediante a instalación de andeis metálicos pegados ás paredes do local, agás aquela que ocupa totalmente unha ampla ventá que dá á fachada do edificio. Conta así mesmo con mesa de traballo e consulta.

Ó remate da instalación de documentos, a pesar da escaseza de fondo conservado, o local quedaba praticamente saturado polo que se levou a cabo por parte do concello con posterio-



ridade á habilitación dun novo espacio para esta finalidade no soto do edificio, ó que se espera traslada-los fondos documentais nun futuro próximo.

#### A DOCUMENTACIÓN

Unha vez inventariados os fondos, logo da centralización dos mesmos no local do arquivo, resultaron un total de 501 unidades de instalación dos que 188 eran legaxos, que ocupaban 21 metros lineais e 313 libros con 10 metros lineais, o que supón un total conxunto de 31 metros.

Destaca a escasez do fondo en relación coa maior parte dos concellos da provincia, feito derivado das perdas documentais e posiblemente do propio funcionamento da administración municipal coa asunción de menos competencias e actuacions comparativamente con outros conce-

llos. Proba diso sería que a documentación xerala a partir das actuacions urbanísticas e de execución de obras non ocupa neste caso máis ca sete legaxos, cando supón habitualmente un volume moito maior.

As actas do Pleno do Concello consérvanse dende o ano 1862 coas carencias, polo tanto, dos anos 1836-1861 e posteriormente dos anos 1929-1930. A Xunta Municipal de Asociados conserva os libros de actas das suas sesións do período 1888-1924, data da súa desaparición e, finalmente a Comisión Permanente conserva ó completo os libros de actas dende 1924, tendo en conta a inexistencia deste órgano nos pequenos concellos no período 1932-1948.



A documentación derivada da xestión presupostaria consérvase dende 1858 con práctica continuidade, e a referida á imposición por contribución rústica dende 1848.

É destacable ademais a serie de eleccións que se inicia coa documentación das eleccións a concelleiros e Deputados a Cortes do ano 1880; a serie de estadística, que engloba os padróns de habitantes, con documentación dende o ano 1885; ou a de quintas e recrutamentos que alcanza o ano 1867.

Finalmente, ademais de face-la oportunamente referencia á consulta detallada dos instrumentos de descripción cos que conta este arquivo para unha más completa valoración e uso do mesmo, reseña-la importancia da continuidade dos libros de actas das Xuntas Locais de Ensino e de Sanidade dende os primeiros anos deste século.



## Arquivo Municipal de Lalín.

A organización do arquivo municipal de Lalín prodúcese no ano 1989, unha vez comprobadas as enormes carencias que presentaba a documentación deste concello, tanto pola súa dispersión coma polo seu estado de conservación e das instalacións. Se ben é certo que as posibilidades materiais condicionaron os resultados destas tarefas e impediron unha solución definitiva que puidese resultar satisfactoria, si parece que se tivese paralizado o deterioro progresivo dos fondos e se contase cando menos cunha documentación ordenada e localizable.

### O LOCAL


A casa do concello de Lalín é unha edificación con baixo e planta, condicionada polas diferentes alturas das rúas que a rodean, o que fai que dende a praza superior pareza de planta baixa e sótano e que conte na práctica con dúas fachadas distintas. En xeral non amosa esta edificación nada reseñable, como non sexa a súa adaptación ás necesidades actuais da administración local e menos nun concello coa poboación, cantidade de servicios e funcións coma o de

Lalín. As carencias de espacio e os condicionantes desta vella edificación conlevan a dispersión das oficinas noutros locais próximos e son, loxicamente patentes, nas instalacións propias do arquivo municipal.

Os dous locais dedicados a arquivo están na planta baixa, a carón das oficinas de recadación, dos servicios e das celas áinda existentes. Ocupa o arquivo dúas pequenas celas, anexas pero incommunicadas entre si, de forma rectangular, de 10 a 15 metros cadrados respectivamente.

A esta escaseza de superficie cómpre engadirlle a carencia de iluminación e ventilación, as malas condicións de habitabilidade e a humidade existente, así como o acceso indirecto a través doutras oficinas. Todo iso ofrece un cadre certamente mellorable, pero parecido á imaxe xenérica do conxunto das oficinas municipais, sendo ademais o único espacio dispoñible no momento no que se empeza o proceso de organización dos fondos.

Nestes locais procedeuse á instalación de andel metálico, tentando o maior aproveitamento, resultando finalmente un total de 161 metros



lineais, que logo da colocación dos fondos quedaron ocupados praticamente na súa totalidade.

Non foi posible a instalación de mobiliario para a consulta e tratamiento documental, nin se chegaron a poñer elementos correctores das condicións ambientais, resultando moi deficitaria incluso a iluminación artificial.

### A DOCUMENTACIÓN

No inicio dos traballos de organización do arquivo municipal de Lalín foi necesario acomete-la recollida e centralización da documentación, espallada na súa maior parte non só no local do arquivo e nas propias oficinas, senón tamén noutrous edificios municipais.

Unha vez adecentado o local e centralizada toda a documentación compróbase o elevado volume documental existente, o escaso nivel de organización que esta presenta e o lamentable estado de conservación dunha elevada porcentaxe, que mesmo chega a impedi-lo seu manexo.

Ó remate da clasificación e ordenación, inventarianse un total de 1.764 unidades de instalación, das que 875 eran libros e 889 legaxos, con documentación dende 1841 que ocupa un total de 148 metros lineais, 21 os libros e 127 os legaxos.

Neste caso si que se conserva un certo volume documental do século pasado, especialmente referido ás contribucións rústica e urbana, dende

1858, e ás obras, tanto propias do concello coma de particulares, dende 1860.

A documentación presupostaria, sen embargo, non vai máis alá do ano 1930, e as quintas, documentación tradicionalmente conservada na maior parte dos concellos, neste caso soamente existe dende o ano 1917.



As actas do Pleno da Corporación municipal consérvanse desde 1841, faltando as dos anos 1836-1840, 1893-1990, 1905 e 1912-1917. As da Xunta Municipal non se conservan e das da Comisión Municipal Permanente soamente faltan os anos 1932-1936, puidendo deberse isto ó non funcionamento nestas datas. Cómpre salienta-la existencia de libros de actas da Xunta do Distrito Xudicial dos anos 1927 e 1951.

Pode considerarse interesante a conservación de documentos referidos ó persoal municipal dende o ano 1887, da Xunta Municipal de Ensino dende 1902 e da Xunta de Sanidade dende 1888.

Como é habitual a maior parte da documentación, tanto libros como enlegaxada, corresponde ás series de presupostos ordinarios, ás obras e ós padróns de habitantes.



## Arquivo Municipal de Rodeiro.

No ano 1993 organízase a documentación do arquivo municipal de Rodeiro, co novo esquema técnico, acorde coas directrices definidas para o conxunto de arquivos municipais do Estado e da Comunidade Autónoma, coa descripción posterior, en profundidade, do conxunto do fondo documental conservado.


### O LOCAL

A construción da casa do concello de Rodeiro iníciase no ano 1951 e remata, segundo se deduce da documentación, no ano 1958. É un edificio cuadrangular, de baixo e planta, en pedra, con acceso dende a praza mediante escalinata tamén de pedra. Remata a edificación con formas almeadas, imitando unha fortificación, con pequenas barbacás circulares nas catro esquinas. Resalta a parte central da fachada pola colocación dunha balconada, típica dos edificios públicos, e o resalte da cuberta destinado inicialmente á colocación do reloxo.

A insuficiencia espacial do edificio conlevou a construción pegada, na parte posterior, dun espacio destinado a salón de sesións, aseos e arquivo. Por outra banda tense producido unha serie de reformas interiores, a última delas no ano 1993, coincidindo co proceso de organización do arquivo municipal.

O problema espacial incide notablemente no local dedicado a arquivo, que se reduce en base a iso a unha pequena sala rectangular, de catro metros de longo e pouco máis dun metro de ancho. Este condicionante obrigou a prolongación dos andeis en altura, aproveitando as posibilidades que ofrece o local e como única maneira de consegui-los metros lineais suficientes para dispo-la documentación que había.

Foron instalados un total de 56 metros lineais de andel, combinando a madeira, xa existente, e o metal, ocupados praticamente na súa totalidade, unha vez colocada a documentación.



PLANO DO ARQUIVO MUNICIPAL DE RODEIRO

Nun futuro deberase resolve-la insuficiencia espacial deste local, que anque presente boas condicións de habitabilidade, iluminación e ventilación, dificulta enormemente o seu uso pola imposibilidade de consulta e tratamiento documental no mesmo local e pola dificultade de acceso á maior parte dos andeis.

## A DOCUMENTACIÓN

O concello de Rodeiro carecía de local específico destinado a arquivo e almacenaba a documentación producida ó longo dos anos de xestión administrativa, de forma dispersa, en varias oficinas e no faiado, sen unha organización específica, agás e máis recente, e sen especiais medidas de conservación.


Foi necesaria a centralización do conxunto documental e a recomposición de cada unha das series, o que se viu complicado pola coincidencia, xa exposta, das obras de reforma interior do edificio, o que obrigou ó traslado provisional a outro edificio municipal, previo á instalación definitiva no pequeno local dedicado momentaneamente para facer funcións de arquivo.

Ó remata-la organización describiríronse un total de 432 unidades de instalación, que conta co seu inventario e catálogo en fichas, que aportan información sobre o contido e localización de cada expediente administrativo e libro producido polo concello. Todo o conxunto documental ocupa preto de 56 metros lineais e ten como data extrema, en documentos illados, o ano 1882.

A impresión que resulta da contemplación do inventario é a da existencia dunha xeneralizada perda documental a partir do inicio do século, xa que son moitas as series que teñen como data extrema arredor do ano 1900. Entre elas os libros de actas da Corporación Municipal, coas perdidas dos libros do período 1836-1899 e posteriormente dos anos 1905-1910. Si se conservan os libros da Xunta Municipal de Asociados dende o ano 1884 ó ano 1891. O outro órgano colexiado de goberno, a Comisión Municipal Permanente, ten testemuños das súas sesións nos libros de actas dende 1927.

A maior parte do volume documental corresponde á elaboración e xestión dos presupostos municipais, sendo ademais a documentación más antiga do ano 1882 e contando cunha notable continuidade. Segue a esta a documentación derivada da xestión urbanística e da realización de obras, con documentos dende o ano 1939; e a das quintas e recrutamentos dende o ano 1901.

Resaltar ademais algúns expedientes referidos á selección do persoal municipal do ano 1887 e á documentación dos servicios sanitarios e de beneficia municipal dende os primeiros anos deste século.





## Arquivo Municipal de Silleda.

O arquivo municipal de Silleda foi o primeiro dos da comarca do Deza organizado polo Equipo Técnico de Arquivos Municipais, a requerimento do concello, no ano 1988.

### O LOCAL

A casa do concello de Silleda é unha sinxela edificación en pedra, ubicada no núcleo urbano a carón da estrada Santiago-Ourense, con baixo, planta e aproveitamento baixo cuberto, na que se albergan as oficinas e dependencias municipais e outros servicios de ámbito municipal coma o xulgado de paz.

Para a instalación do arquivo municipal aproveitouse a estructura baixo cuberta, con acceso dende a primeira planta na que se encontran as oficinas, mediante escaleira metálica de caracol. Conta o local cunha superficie total de 80 m<sup>2</sup>, divididos en múltiples pequenos habitáculos condicionados pola estructura de bufarda, comunicados cun amplo corredor na zona máis ancha que comunica coa zona central aberta.


Presenta o local, en xeral, unhas condicións de habitabilidade deficientes e unha tamén deficiente adaptación para a finalidade perseguida, principalmente pola dificultade de acceso e agravada pola función que así mesmo se lle asigna de almacén municipal.

Dotouse no seu día a este local de andel metálico e en madeira para dispo-la documentación, colocadas segundo amosa o plano do local, pegadas ás paredes dos diferentes espacios onde era posible. Resultaron finalmente un total de 120 metros lineais de andel, quedando ocupados por documentación preto do 70% do total e o resto por impresos e outros utensilios e materiais propios do concello.

Neste momento estúdiase a posibilidade de habilitar un novo local para arquivo municipal e a reorganización e incorporación de novos fondos, coincidindo con este traslado.

### A DOCUMENTACIÓN

O fondo documental do arquivo do concello de Silleda compoñían ó remate do proceso de



PLANO DO ARQUIVO MUNICIPAL DE SILLEDA

organización un total de 1296 unidades de instalación, das que 609 eran libros e 687 legaxos, ocupando un total de 82 metros lineais.

Esta debería corresponder ós concellos de Chapa e Silleda, logo do cambio de capitalidade e denominación no ano 1853, pero o certo é que non hai ningún testemuño documental neste arquivo que se refira á antiga denominación. Parece clara a destrucción da maior parte dos fondos anteriores ó ano 1922. Soamente os libros copiadores de correspondencia do período 1863-1910 e un Padrón Xeral de veciños do ano 1885 recordan o funcionamento do concello no século pasado.

Especialmente notables son as carencias de libros de actas do Pleno da Corporación, conservados dende o ano 1922 e ainda coa ausencia dos anos 1941 a 1945, e loxicamente os da Xunta Municipal de Asociados. A Comisión Municipal Permanente si conta cos seus libros de actas, agás o período de non funcionamento neste tipo de concellos, nos anos 1932 a 1948, e as do ano 1951.

O volume documental máis notable fai referencia á xestión presupostaria, dende o ano 1927, e ó urbanismo e realización de obras propias e ó control das obras de particulares, dende 1939.

As quintas contan con documentos dende o ano 1927, así como a Xunta Municipal de Ensino ou a Xunta Pericial.

Conta esta documentación con inventario e catálogo en fichas para a información e para facilita-lo seu manexo e localización.



## Arquivo Municipal de Vila de Cruces.

O último dos concellos desta comarca no que se leva a cabo a organización e descripción dos fondos é o concello de Vila de Cruces, no ano 1993, coincidindo neste caso co traslado das dependencias municipais ó centro de saúde, namentes se constrúe a nova casa do concello.

### O LOCAL

A escaseza de espacio na anterior casa do concello obligaba a dispo-la documentación en andeis esparcidos polas diferentes oficinas, carecendo o concello dun local dedicado a arquivo municipal.

Logo do traslado ás dependencias provisionais asígnaselle ó arquivo un amplio local, ben acondicionado, na planta baixa do centro de saúde, a carón das oficinas municipais, coas que se comunica directamente. É unha ampla sala rectangular de 13 metros de longo e 5 de ancho, cunha superficie de 65 m<sup>2</sup>, suficiente para a conservación da documentación.

Instálanse neste local un total de 135 metros lineais de andel metálico, pegado ás paredes, que unha vez colocado o total do fondo documental existente queda ocupado nun 90%, áinda que o

local permite a colocación, se fose necesario de moitos más andeis. Conta ademais con mesa de traballo e consulta e co ficheiro para a colocación dos instrumentos de descripción.

Nun futuro próximo espérase o traslado á nova casa do concello, na que se prevé un espazo axeitado destinado a arquivo, con espacio suficiente para os fondos e coas dotacións precisas.

### A DOCUMENTACIÓN

O fondo documental conservado no concello de Vila de Cruces é froito do funcionamento das institucións municipais ó longo dos dous últimos séculos, tanto cando a denominación do concello era a de Carbia, coma a posterior a 1944 cando se cambia aquela pola actual de Vila de Cruces.

Presentaba a documentación, na súa maior parte un aceptable estado de conservación e un alto nivel organizativo, adaptado a un cadre de clasificación empregado nas últimas décadas, o que favoreceu o proceso de organización. Carecía, sen embargo de instrumentos descriptivos, contando soamente para a súa localización co procedemento de rotulación exterior dos legaxos, estando ademais concebido como arquivo aber-

